

VIUVEZ

CLASES PASIVAS	SEGURIDADE SOCIAL
<p>Terán dereito á pensión de viuvez quen sexa e quen fosen cónxuxes lexítimos do causante dos dereitos pasivos, sempre que non contraesen novo matrimonio ou tivesen constituído unha parella de feito.</p> <p>En casos de separación, divorcio ou nulidade, o acceso á pensión condiciónase a que, tendo dereito á pensión compensatoria ou á indemnización referidas, respectivamente, nos artigos 97 e 98 do Código Civil, esta quedase extinguida por falecemento do causante. O dereito á pensión de viuvez non quedará condicionado ao requisito de ser acredor de pensión compensatoria cando o/a beneficiario/a acredite estar comprendido nun dos supostos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ser vítima de violencia de xénero no momento da separación xudicial ou o divorcio, ou - Ter unha idade superior aos 50 anos na data do falecemento do causante da pensión ou ben a existencia de fillos comúns no matrimonio, sempre que se cumpran os seguintes requisitos: <ul style="list-style-type: none"> - O divorcio ou a separación xudicial produciuse con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008. - Entre as datas do divorcio ou separación e do falecemento do causante da pensión de viuvez transcorre un período de tempo non superior a dez anos. - O vínculo matrimonial tivese unha duración mínima de dez anos. <p>Terán dereito á pensión de viuvez quen se atopase unido ao/á causante no momento do seu falecemento, formando unha parella de feito, sempre que concorran os seguintes requisitos:</p> <p>Que causante e beneficiario/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Teñan unha análoga relación de afectividade á conxugal. - Non exista vínculo matrimonial con outra persoa, nin se achasen impedidos para contraer matrimonio entre eles. - Se acredite, mediante o correspondente certificado de empadramento, unha convivencia estable, notoria, ininterrompida e inmediata ao falecemento do causante non inferior a cinco anos. - Exista unha formalización pública da condición de parella de feito, que se acredite por: <ul style="list-style-type: none"> - Certificado de inscrición nalgún dos rexistros específicos existentes nas Comunidades Autónomas ou Concellos do lugar de residencia, ou - Mediante documento público no que conste a constitución de dita parella. <p>En ambos os casos a formalización deberá producirse cunha antelación de dous anos con respecto á data do falecemento.</p>	<p>As causantes serán as persoas integradas no Réxime Xeral de Seguridade Social, afiliadas e en alta ou en situación asimilada á de alta, que reúnan o período mínimo de cotización esixido:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o falecemento é debido a enfermidade común: <ul style="list-style-type: none"> 500 días dentro dun período ininterrompido de 5 anos inmediatamente anteriores ao falecemento ou á data na que finalizou a obriga de cotizar, se o/a causante se encontrase en situación de alta ou asimilada, sen obriga de cotizar. Non obstante, suprímese o requisito de cotización para as prestacións de orfandade se ao falecer o/a causante este/a se encontra en alta ou en situación asimilada á de alta. Se o falecemento é debido a accidente, sexa ou non de traballo, ou a enfermidade profesional non se esixe período previo de cotización. Tampouco se esixe ningún período previo de cotización para o auxilio por defunción. • As persoas que, na data do falecemento, "non estean" en alta ou en situación asimilada á de alta, causarán dereito a pensión sempre que reúnan un período mínimo de cotización de 15 anos. En ningún caso se terá dereito ao cobro de cantidades correspondentes a exercicios anteriores ao 1-1-99. • Os/as perceptores/as dos subsidios de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, paternidade ou risco durante a lactación natural, que cumpran o período de cotización que, de ser o caso, estea establecido. • Os/as pensionistas de xubilación na súa modalidade contributiva. • Os/as pensionistas de incapacidade permanente. Considérase morto por accidente de traballo ou enfermidade profesional quen teña recoñecida por tales continxencias unha incapacidade permanente absoluta ou a condición de grande inválido. • Os/as traballadores/as que conclúsen o seu traballo con dereito a pensión de xubilación na súa modalidade contributiva e falecesen sen solicitala. • Os/as traballadores/as desaparecidos/as con ocasión dun accidente, sexa ou non laboral, en circunstancias que fagan presumible a súa morte, e dos/as que non se tivesen noticias durante os 90 días naturais seguintes ao do accidente. Neste caso, non se causa nunca dereito ao auxilio por defunción. • Os/as traballadores/as con dereito a pensión por incapacidade permanente total que optaron pola indemnización especial a tanto alzado a favor dos/as menores de 60 anos. Ademais dos requisitos xerais (afiliación, alta e cotización) esixidos ao/á causante en cada situación, para acceder á pensión de viuvez, os/as beneficiarios/as deben acreditar outros requisitos específicos en determinadas circunstancias. • O/a cónxuxe supervivente, no suposto de falecemento derivado de enfermidade común anterior ao matrimonio, deberá acreditar un dos seguintes requisitos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Que existan fillos/as comúns. ○ Que o matrimonio se celebrara cun ano de antelación ao falecemento. Non se esixirá esta duración do vínculo matrimonial cando na data de celebración deste se acreditase un período de convivencia co causante como parella de feito que, sumado ao de duración do matrimonio, superase os dous anos. <p>Cando o cónxuxe non acredite un destes requisitos, poderá acceder a unha prestación temporal de viuvez, sempre que reúna o resto dos requisitos esixidos.</p> • Os separados xudicialmente ou divorciados, sempre que neste último caso non casasen ou constituísen unha parella de feito, cando sexan acredores/as da pensión compensatoria á que se refire o art. 97 do Código Civil e esta quedase extinguida polo falecemento do causante. A partir do 01-01-2010, no suposto de que a contía da pensión de viuvez fose superior á pensión compensatoria, aquela diminuírase ata alcanzar a contía desta última. Para os efectos de entender acreditado o requisito de ser acredor/a da pensión compensatoria, ao que se supedita o acceso á pensión de viuvez nos casos de separación xudicial e divorcio, só será necesario:

Con carácter excepcional, recoñecerase o dereito á pensión de viuvez cando, producíndose o falecemento dun dos membros da parella de feito con anterioridade ao **31 de decembro de 2022**, concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que ao falecemento do/a causante non se puido xerar dereito á pensión de viuvez.
- b) Que o/a beneficiario/a poida acreditar no momento de falecemento do causante a existencia de parella de feito, nos termos establecidos legalmente (apartado 4 do artigo 38 do Texto Refundido da Lei de Clases Pasivas do Estado).
- c) Que o beneficiario non teña recoñecido dereito a pensión contributiva da Seguridade Social.
- d) Para acceder á pensión, a correspondente solicitude deberá ser presentada no **prazo improrrogable dos doce meses seguintes** a contar desde a entrada en vigor da excepcionalidade (o 1 de xaneiro de 2023).
A pensión recoñecida terá **efectos económicos desde o día primeiro do mes seguinte á solicitude**, sempre que se cumpran todos os requisitos descritos anteriormente.

PRESTACIÓN TEMPORAL DE VIUVEZ

Concederase unha **prestación temporal de viuvez, durante dous anos**, de igual contía que a pensión de viuvez que correspondese, a quen, nos supostos de **falecemento do causante por unha enfermidade común** (alteracións da saúde que non teñan a condición de accidentes de traballo nin de enfermidades profesionais), non sobrevinda tras o vínculo matrimonial, non acreditasen un **período mínimo dun ano** de matrimonio para causar pensión de viuvez, salvo que:

- Existan fillos comúns ou
- Se acredite un período de convivencia, incluída a xustificada como parella de feito, superior a **dous anos**.

A prestación temporal de viuvez, no caso de que se fixara unha pensión compensatoria temporal, extinguirase na mesma data en que o fixo a pensión compensatoria.

EXTINCIÓN DA PENSIÓN

O dereito a **pensión de viuvez extinguirase** cando o beneficiario **contraia matrimonio ou constitúa unha parella de feito, ou, no caso de que se fixara unha pensión compensatoria temporal, na mesma data en que o fixo a pensión compensatoria**

Mais aqueles/aquelas que contraeron matrimonio a partir do 1 de xaneiro do 2002 poderán manter o percibo da pensión de viuvez sempre que concorran todos e cada un dos requisitos que seguidamente se relacionan:

1. Que o/a solicitante da pensión de viuvez, separado/a ou divorciado/a do falecido/a, figure como beneficiario/a de pensión compensatoria na correspondente sentenza.
2. Que ese dereito non se extingue por algunha das causas establecidas no artigo 101 do Código Civil, ou que, tratándose doutra pensión equiparable, continúe vixente na data do feito causante (entenderase acreditado mediante declaración responsable do/a solicitante).
3. A pensión compensatoria establecida na sentenza e as regras que se fixasen nesta, serán tidas en conta para os efectos da limitación prevista da pensión de viuvez (sobre ese extremo tamén pode pronunciarse o interesado mediante a declaración responsable, xa que pode mediar modificación sobre a contía e as bases para a súa actualización).

En todo caso, terán dereito a pensión de viuvez, aínda non sendo acreedoras da pensión compensatoria, as mulleres que puidesen acreditar que eran vítimas da violencia de xénero no momento da separación xudicial ou o divorcio mediante sentenza firme, ou arquivo da causa por extinción da responsabilidade penal por falecemento; en defecto de sentenza, a través da orde de protección ditada ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero, así como calquera outro medio de proba admitido en Dereito (aplicable a falecementos producidos a partir do 01-01-2008).

Cando a separación xudicial ou divorcio sexa anterior ao **01-01-2008**, o recoñecemento do dereito á pensión non quedará condicionado a que a persoa divorciada ou separada xudicialmente sexa acreedora de pensión compensatoria sempre que:

- o Entre a data do divorcio ou separación xudicial e a data do falecemento do causante non transcorresen máis de **10 anos**.
- o O vínculo matrimonial tivese unha duración mínima de **10 anos**.
- o Ademais, se cumpra algunha das condicións seguintes: ou a existencia de fillos/as comúns do matrimonio; ou que o/a beneficiario/a teña unha idade superior aos **50 anos** na data do falecemento do/a causante.

A contía da pensión resultante calcularase de acordo coa normativa vixente con anterioridade ao **01-01-2008** (entrada en vigor da Lei 40/2007, do 4 de decembro).

O disposto anteriormente aplícase tamén aos falecementos producidos entre o **01-01-2008 e o 31-12-2009**, sempre que o divorcio ou separación xudicial se producise antes do **01-01-2008**.

A persoa divorciada ou separada xudicialmente que fose debedora da pensión compensatoria non terá dereito a pensión de viuvez.

A partir do **01-01-2013**, tamén terán dereito á pensión as persoas divorciadas ou separadas xudicialmente antes do **01-01-2008**, que non fosen acreedoras da pensión compensatoria, aínda que non reúnan os demais requisitos esixidos na disposición transitoria 18ª (que entre a data do divorcio ou separación e o falecemento do/a causante non transcorresen máis de **10 anos**; que o matrimonio durase polo menos **10 anos**, que tivesen fillos comúns) sempre que:

- o Teñan **65** ou máis anos.
- o Non teñan dereito a outra pensión pública.
- o A duración do matrimonio co causante da pensión non fose inferior a **15 anos**.
- o **O supervivente cuxo matrimonio fose declarado nulo**, ao que se lle recoñecese o dereito á indemnización prevista no art. 98 do Código Civil, sempre que contraese novas nupcias ou constituíse unha parella de feito debidamente acreditada.

- **O sobrevivente da parella de feito**, nos termos seguintes:

FALECIMENTOS POSTERIORES A 31 DE DECEMBRO DE 2021.

Terá dereito á pensión de viuvez quen se encontre unido ao causante como parella de feito no momento do falecemento, sempre que acredite:

- A inscrición da parella de feito nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou concellos do lugar de residencia ou a formalización de documento público no que conste a constitución desta parella, nos dous casos, cunha antelación mínima de **2 anos** con respecto á data do falecemento do/a causante.

- O titular da pensión sexa maior de **61 anos** ou, sendo menor da este idade, teña recoñecida unha incapacidade permanente que lle inhabilite para toda profesión ou oficio.

- A pensión de viuvez constitúa a principal fonte de ingresos do/da pensionista (debe supór, como mínimo, o **75 por 100** dos seus ingresos).

- Os ingresos totais do novo matrimonio non superen en cómputo anual o dobre do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento.

En todo caso, quen fose condenado, por sentenza firme, pola **comisión dun delito doloso de homicidio** en calquera das súas formas ou de lesións, perderá a condición de beneficiario/a da pensión de viuvez cando a vítima dos delitos fose a causante da pensión, salvo que, no seu caso, medie reconciliación entre eles.

CÁLCULO DA PENSIÓN

A contía da pensión de viuvez é o **50 por 100 da base reguladora**, ou o **25 por 100** no caso de que o/a **causante** dos dereitos falecese tras ser declarado inutilizado/a en acto de servizo ou como consecuencia do mesmo e de **sinarlarse** no seu favor a **correspondente pensión extraordinaria**.

A porcentaxe será do **58 por 100** ou o **29 por 100**, cando na persoa beneficiaria concorran simultaneamente e en todo momento, os seguintes requisitos:

- Cumprir unha idade igual ou superior a **65 anos**.
- Non ter dereito a outra pensión pública española ou estranxeira. O citado incremento será compatible con aquelas pensións públicas, xa sexan españolas ou estranxeiras, cuxa contía non exceda do importe do mesmo. Nestes supostos, o incremento da pensión de viuvez aboarase exclusivamente pola diferenza entre a contía deste e a da pensión percibida polo beneficiario.
- Non percibir ingresos pola realización dun traballo por conta allea ou por conta propia.
- Non percibir rendementos do capital, de actividades económicas ou ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, que en cómputo anual superen o límite de ingresos establecido na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para ser beneficiario da pensión mínima de viuvez.

Nos casos en que mediando divorcio concorran varios beneficiarios con dereito a pensión, esta será recoñecida en contía proporcional ao tempo de convivencia de cada un deles coa persoa causante, garantíndose o **40 por cento ao cónxuxe sobrevivinte ou á parella de feito do/a causante**.

En caso de **nulidade matrimonial** o dereito a pensión será recoñecido en contía proporcional ao tempo vivido co causante, existan ou non outros beneficiarios con dereito a pensión, sen prexuízo da garantía do **40%** a favor do cónxuxe supérstite ou da parella de feito.

- Que, na data do falecemento e durante o período de **2 anos** ao que se refire o parágrafo anterior ningún compoñente da parella estaba impedido para casarse, nin tiña vínculo matrimonial nin constituída parella de feito con outra persoa.
- Convivencia estable e notoria con carácter inmediato ao falecemento do/a causante, cunha duración ininterrompida **non inferior a 5 anos**. Este requisito non será esixible se existen fillos/as comúns.
- Tamén terá dereito á pensión de viuvez quen formase parte dunha parella de feito que, constituída nos termos anteriormente indicados, se extinguiuse por vontade dun ou ambos os dous conviventes antes do falecemento do causante, cando acredite:
 - Non ter constituído unha nova parella de feito, nos citados termos, nin casase.
 - Ser acredor/a dunha pensión compensatoria e que esta se extinga con motivo da morte do/a causante.

A pensión compensatoria deberá estar determinada xudicialmente ou mediante convenio ou pacto regulador outorgado en documento público, e para a fixación da súa contía haberá de terse en conta a concorrencia na persoa perceptora das mesmas circunstancias previstas no artigo 97 do Código civil.

No suposto de que a contía da pensión de viuvez fose superior á pensión compensatoria, aquela diminuírase ata alcanzar a contía desta última.

En todo caso, terán dereito a pensión de viuvez, aínda non sendo acreedoras da pensión compensatoria, as mulleres que puidesen acreditar que eran vítimas da violencia de xénero no momento da separación xudicial ou o divorcio mediante sentenza firme, ou arquivo da causa por extinción da responsabilidade penal por falecemento; en defecto de sentenza, a través da orde de protección ditada ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero, así como calquera outro medio de proba admitido en Dereito.

[FALECIMENTOS ANTERIORES A 1 DE XANEIRO DE 2022.](#)

Con carácter xeral, para ser beneficiario/a da pensión de viuvez, esixírase:

- Que o falecemento sexa posterior ao **01-01-2008**.
- A inscrición da parella de feito nalgún dos rexistros específicos existentes nas Comunidades Autónomas (CCAA) ou Concellos do lugar de residencia ou a formalización de documento público no que conste a constitución desta parella, en ambos casos, cunha antelación mínima de **2 anos** con respecto á data do falecemento do causante.
- Convivencia estable e notoria con carácter inmediato ao falecemento do causante, cunha duración ininterrompida non inferior a **5 anos**.
- Que, durante o período de convivencia, ningún compoñente da parella estivese impedido para contraer matrimonio nin tivese vínculo matrimonial con outra persoa.
- Que os seus ingresos:
 - Durante o ano natural anterior ao falecemento, non atinxiron o **50%** da suma dos propios máis os do/a causante percibidos no mesmo período, ou o **25%** no caso de inexistencia de fillos/as comúns con dereito a pensión de orfandade.
 - Ou alternativamente que son inferiores a **1,5 veces** o importe do SMI vixente no momento do falecemento, requisito que deberá concorrer tanto no momento do feito causante coma durante a súa percepción. O límite indicado incrementarase en **0,5 veces** a contía do SMI vixente por cada fillo común con dereito á pensión de orfandade que conviva coa persoa sobrevivinte.

Considéranse como ingresos os rendementos do traballo e do capital así coma os de carácter patrimonial, nos termos en que se computan para o recoñecemento dos complementos para mínimos de pensións.

Non obstante, excepcionalmente recoñecerase dereito á pensión de viuvez, con efectos do **día primeiro do mes seguinte** ao da solicitude, a quen forme parte dunha parella de feito na data do falecemento do/a causante, cando concorran as seguintes circunstancias:

- Que á morte do/a causante, reunidos por este/a os requisitos de alta e cotización, non se puidese ter dereito á pensión de viuvez.
- Que acreditase a existencia da parella de feito no momento do falecemento do causante nos termos seguintes:

Pola súa banda, as **persoas divorciadas ou separadas xudicialmente** que accedan a partir do **1 de xaneiro de 2010** á pensión de viuvez, verán reducida a contía desta ou da prestación temporal a que houber lugar se fose superior á pensión compensatoria, ata alcanzar a contía desta última.

Non procederá a minoración nos supostos acreditados de vítimas de violencia de xénero no momento da separación xudicial ou o divorcio.

Complemento por maternidade en pensións de viuvez causadas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 3 de febreiro de 2021

Ás mulleres que tivesen fillos/as naturais ou adoptados, recoñeceráselles un complemento de pensión por importe equivalente ao resultado de aplicar á pensión que corresponda recoñecer, unha porcentaxe en función do número de fillos nados ou adoptados con anterioridade ao feito causante da pensión, segundo a escala:

No caso de 2 fillos/as: 5 por 100.

No caso de 3 fillos/as: 10 por 100.

No caso de 4 ou máis fillos/as: 15 por 100.

En todo caso o abono do complemento axustarase ás condicións seguintes:

- a. Se a contía da pensión a recoñecer é igual ou superior ao límite de pensión máxima só se aboará o 50 por 100 do complemento aínda no caso de que exista concorrencia de pensións públicas.
- b. Se a pensión a recoñecer non alcanza a contía da pensión mínima e a interesada solicita e reúne os requisitos para percibir o complemento a mínimos, sumarase o complemento por maternidade.
- c. No caso de concorrencia de pensións públicas de viuvez e de xubilación ou retiro, con independencia do Réxime no que se causen, aboarase o complemento por maternidade correspondente á pensión de xubilación ou retiro.

- A inscrición da parella de feito nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou concellos do lugar de residencia ou a formalización de documento público no que conste a constitución desta parella, nos dous casos, cunha antelación mínima de **2 anos** con respecto á data do falecemento do/a causante.
- Que na data do falecemento e durante o período de **2 anos** a que se refire o parágrafo anterior, ningún compoñente da parella estivese impedido para casar nin tivese vínculo matrimonial nin constituíse parella de feito con outra persoa.
- Convivencia estable e notoria con carácter inmediato ao falecemento do/a causante, cunha duración ininterrompida non inferior a **5 anos**. Este requisito non será esixible se existen fillos/as comúns.

- Que o/a beneficiario/a non teña recoñecido dereito a pensión contributiva da Seguridade Social.
- Que presente a solicitude dentro do ano natural de 2022.

EXTINCIÓN

- Por contraer novo matrimonio ou constituír unha parella de feito. Non obstante, poderase seguir percibindo a pensión de viuvez, a pesar de que o/a pensionista contraía un novo matrimonio ou constituía unha parella de feito, sempre que se acrediten os seguintes requisitos:
 - Ser maior de **61 anos** ou menor e ter recoñecida tamén unha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de grande invalidez ou acreditar unha discapacidade en grao superior ao **65%**.
 - A pensión de viuvez debe constituír a principal ou única fonte de ingresos do pensionista. Enténdese que constitúe a principal fonte de ingresos cando o importe desta represente, como mínimo, o **75%** do total de ingresos de aquel, en cómputo anual.
 - Ter o matrimonio ou parella de feito uns ingresos anuais, de calquera natureza e incluída a pensión de viuvez, que non superen en dúas veces o importe, en cómputo anual, do SMI vixente en cada momento.

- Por declaración, en sentenza firme, de culpabilidade na morte do causante.
- Por falecemento.
- Por comprobarse que non faleceu o/a traballador/a desaparecido en accidente.
- Por condena, en sentenza firme, pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesións, cando a persoa ofendida fose a causante da pensión, agás que, no seu caso, medie reconciliación entre eles.

Nestes supostos, a pensión de viuvez que se debese recoñecer incrementará as pensións de orfandade se as houberse.